

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 9 de febreiro de 2009**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día nove de febreiro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(98).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións ordinarias do 12 e 19 de xaneiro de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(99).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS:**

Dáse conta das seguintes sentenzas e autos remitidos por Asesoría Xurídica:

A) SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A P. A. Nº 326/2008.DEMANDANTE: D. MANUEL BUENO HEREDIA. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE ESCRITO DE 10/03/2008, SOBRE RETRIBUCIÓNS (SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS). DESESTIMADO.

B) SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 93/2008 INTERPOSTO POR D. UBALDO RIVAS ROMERO CONTRA SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO SOBRE O CESAMENTO COMO TITULAR DA ASESORÍA XURÍDICA, E NOMEAMENTO DE NOVO TITULAR. DESESTIMADA A APELACIÓN.

C) AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A P. A. Nº 384/2008. DEMANDANTE: D. SIMÓN GONZÁLEZ SALGADO. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL (EXPTE. 1757/243). REMATADO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL.

D) AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A P. A. Nº 358/08. DEMANDANTE: D. ANTONIO RUFINO CALVO GONZALEZ. OBXECTO: SILENCIO ADMINISTRATIVO EN RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL (EXPTE.1546/243). DESESTIMENTO DO ACTOR.

E) SENTENZA DO TSXG NO RC-A P. O. Nº 01/0428/2005. DEMANDANTE: D. FERNANDO SOLVEIRA DE LA FUENTE E OUTROS. OBXECTO: ORZAMENTOS PARA 2005, PLENO 28/02/2005. TRANSFORMACIÓN DE 3 PRAZAS NO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, DE SARXENTO EN SUBOFICIAL. DESESTIMADO O RECURSO.

F) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A P.A. Nº 112/08. DEMANDANTE: D. PABLO EMILIO TORRADO GONZÁLEZ E WINTERTHUR SEGUROS GENERALES. OBXECTO: RESOLUCIÓN 4/03/08 EN RECLAMACIÓN PATRIMONIAL DE DANOS (EXPTE.1507/243). DESESTIMADO O RECURSO.

G) AUTO DO X. CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO NO RCA 180/08 P.A. DEMANDANTE: D. RICARDO CORREA ABOLLO. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL (EXPTE. 1622/243). DESESTIMENTO DO DEMANDANTE.

H) SENTENZA DA A.P. PONTEVEDRA NO REC. APELACIÓN Nº 5194/07 (CIVIL), INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. CARMEN ALONSO BERGE CONTRA SENTENZA DO X. 1<sup>a</sup> INSTANCIA Nº 3 DE VIGO NO XUÍZO VERBAL 911/06 (CIVIL. SOBRE ACCIÓN REAL DO ART. 41 DA L. HIPOTECARIA EN RELACIÓN CON CAMIÑO (DE USO) PÚBLICO. DESESTIMADO O REC. APELACIÓN.

I) AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 426/2008 P.A. DEMANDANTE: D. OSCAR CODESIDO BREIJO. OBXECTO: SANCIONÉS DE TRÁFICO E RESOLUCIÓN DA XEFATURA PROVINCIAL DE TRÁFICO DO 15.02.2008 SOBRE “PUNTOS”. EXPTE. 088609382/87/89/92/93. INADMISIBLE POR EXTEMPORÁNEO.

K) AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A P.O. Nº 171/200. DEMANDANTE: D<sup>a</sup> CONCEPCION GONZALEZ PEREZ E D CANDIDO PENA

PEREZ. OBXECTO: VÍA DE FEITO POR OCUPACIÓN DE TERREOS PARA VIAL, DONIN, CORUXO (EXPTE. 8385/240). DESESTIMIENTO DOS ACTORES.

L) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 10/06 P.O. DEMANDANTE: D. MANUEL ESTÉVEZ MONTERO E Dª MARINA ESTÉVEZ VÁZQUEZ. OBXECTO: DESAFIUZAMENTO DE LOCAIS MUNICIPAIS (MERCADO R. PROGRESO). EXPTE. 15107/240 LOCAIS Nº 13, 15 E 20. DESESTIMATORIA.

SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 4158/2007 INTERPOSTO POR D. MANUEL ESTÉVEZ MONTERO E Dª MARINA ESTÉVEZ VÁZQUEZ, CONTRA A ANTEDITA SENTENZA. DESESTIMADO O RECURSO DE APELACIÓN.

M) AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 410/08 P.A. DEMANDANTE: D. ALBERTO RODRÍGUEZ SANTIAGO E ATLANTIS SEGUROS ATLANTIS. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL (EXPTE.: 1732/243). REMATADO O PROCEDIMENTO.

N) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 242/2008 P. A. DEMANDANTE: D. JESÚS LOPEZ ESTEVEZ (BODEGAS LITAN, S.L.). OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. EXPTE. Nº.: 88683739. ESTIMADO O RECURSO.

O) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 362/07 P.O. DEMANDANTE: D. JOSÉ BERNÁRDEZ FERNÁNDEZ E 2 IRMÁS. OBXECTO: VÍA DE FEITO EN OCUPACIÓN DE FINCA PARA APERTURA DA R. PEDRO ALVARADO. EXPEDIENTE Nº 144/413, PREDIO Nº A-02. INADMISIBLE O RECURSO.

P) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 298/2008 P.A. DEMANDANTE: D. MANUEL PÉREZ CIM. OBXECTO: RESOLUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DO 21/01/2008, EN RECLAMACIÓN PATRIMONIAL (EXPTE. 1362-243). DESESTIMADO O RECURSO.

Q) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 473/07 P.O. DEMANDANTE: Dª LUCIA MONTERO ALFONSO. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL (EXPTE.786/243). ESTIMADO PARCIALMENTE O RECURSO.

R) SENTENZA DO TSXG NO RC-A Nº 01/0034/06. DEMANDANTE: CONCELLO DE VIGO. OBXECTO: RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL DO 27/10/05. DENUNCIA DO CONVENIO ASINADO O 20/05/05. DESESTIMADO O RECURSO.

S) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 142/08 P.A. DEMANDANTE: D. JAVIER MEANA PAIS. OBXECTO: RESOLUCIÓN XGL 11/02/08 EN RECLAMACIÓN PATRIMONIAL (EXPTE. 1392/243). DESESTIMADO O RECURSO.

T) AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 442/08 P.A. DEMANDANTE: D. JUAN L. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ. OBXECTO: DESESTIMACIÓN “PRESUNTA” DE RECLAMACIÓN RETRIBUTIVA (C. PRODUTIVIDADE POR DIFERENZA DE FUNCIÓN BOMBEIRO-CABO). ARQUIVO DO PROCEDEMENTO.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(100).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 13/2448, 1593/03, 13/2443, 1/2007, 2/2385, 11/1984, 13/921, 12/1873, 12/2029.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora Social e Reponsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación de Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Ceferino Bernardez Collazo. Expte. 13/2448.
- D. Andrés Rodríguez Martín. Expte. 1593/03
- D<sup>a</sup>. Amparo González Pérez. Expte. 13/2443.
- D<sup>a</sup>. Irene Rodríguez Riveiro. Expte. 1/2007.
- D. José Rey Collazo. Expte. 02/2385.
- D<sup>a</sup>. Ana Álvarez Araujo. Expte. 11/1984.
- D. Arturo Regueiro Alonso. Expte. 12/921.
- D<sup>a</sup>. Iluminada Pazos Pérez. Expte. 12/1873.
- D<sup>a</sup>. María Lago Lago. Expte. 12/2029.

**4(101).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 3/137, 2/2278.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora Social e Reponsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Sara Fente Fernández. Expte. 2278/02.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Rodríguez Mariño. Expte. 137/03.

**5(102).- RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR REALIZADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA NO MES DE XANEIRO. EXPTE. 11469/331.**

En cumprimento coa base 31 das de execución do presuposto municipal, o concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Cultural no mes de xaneiro e que son os seguintes:

Nº EXP.	CONCEPTO	DATA	PARTIDA	TIPO EXP.	NºRC	IMPORTE	PERCEPTOR	CIF/NIF
11431/331	Redaccion proxecto básico e de execución dunha biblioteca pública na rua Martínez Garrido	02/01/09	2270600	Ser-vi-zos	1581	20.880,00	Jose Carlos Rodríguez Otero	36068979-B
11433/331	Subministro do libro "Vigo" para agasallos	02/01/09	2260100	Submi-nistro	1639	18.221,32	Lunweg editores sl	B-58969759
11437/331	Adquisición de CD'S de Lucía Martínez Cuarteto	07/01/09	2200100	Submi-nistro	4217	2.900,00	Nuba Records S.L.	B-80682271
11442/331	Contratación dunha asistencia técnica para dirección e coordinación artística do Festival de Jazz Imaxina Sons '09	08/01/09	2270600	Ser-vi-zos	4195	13.200,00	Baldome-ro Martínez Campoy	32626010-G
11443/331	Dereitos de autor derivados da programación do departamento de Cultura	09/01/09	2260803	Ser-vi-zos	4216	18.000,00	Sociedad General de Autores y Editores	G-28029643
11449/331	Subministro e mantemento de colectores hixiénicos na Biblioteca Central para o ano 2009	13/01/09	2210800	Submi-nistro	4198	445,08	Linorsa	A-36621464
11455/331	Adquisición de CD's de David Russel para a súa entrega durante os premios honoríficos Jóvenes Talentos	16/01/09	2200100	Submi-nistro	4193	2.146,00	Elite Musical S.L.	B-36661049
11460/331	Reserva de crédito para servizos de transportes lixeiros de mercancías	20/01/09	2230000	Ser-vi-zos	4191	3.000,00	Aquilino Molina Valín	35985317-T
11464/331	Ensobrado e clasificación de axendas para envíos	11/01/09	2270600	Ser-vi-zos	1571	141,98	Grandal service sl	B-36753358

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **6(103).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CLUBE VIGO VOLEIBOL EN BASE Á ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE NA TEMPADA 08/09. EXPTE. 8435/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 27.01.09 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.01.09, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Vigo Voleibol, para o proxecto de actividades do equipo de elite Vigo Valery Karpin da categoría Superliga pola actividade na tempada 2008/2009.

2.º.- Aprobar o gasto de 55.000,00 €. a favor da entidade: Club Vigo Voleibol, co CIF: G-36658219 , con enderezo social na rúa Calle Bolivia, nº2, 6ºC en Vigo, e número de conta corrente: 2080-0100-08-0040006353. Este credito e con cargo á partida 4521.489.00.10 do vixente orzamento.

3.º.- Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB VIGO VOLEIBOL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ELITE DO EQUIPO “VIGO VALERY KARPIN” NA TEMPADA 2008-2009.*

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de duosmil nove*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don Guillermo Touza Rodríguez, como presidente da entidade Club Vigo Voleibol, CIF nº G-36658219 e enderezo social en Calle Bolivia, nº2, 6ºC de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 8435-333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

#### *MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade Club Vigo Voleibol conta cun equipo “ Club Vigo Valery Karpin ” que participa na categoría Superliga Masculina, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.*

*A entidade Club Vigo Voleibol desenvolverá o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2008/2009.*

*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*

*Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*

- *A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario do 22 de decembro de 2008, na partida 4521.489.00.10 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 55.000,00 €, a favor da entidade deportiva Club Vigo Voleibol .*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de elite “Vigo Valery Karpin” da entidade Club Vigo Voleibol na Superliga Masculina durante a tempada 2008/2009.*

*V.- Que a entidade Club Vigo Voleibol non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 8435-333.*

*VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Vigo Voleibol , o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva Club Vigo Voleibol convénen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

#### PACTOS

*Primeiro.- A entidade Club Vigo Voleibol comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do proxecto de desenvolvemento de actividades do seu equipo de elite, e concretamente:*

*1º.-A utilización da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*2º.-A colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltoos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.*

*3º.-A traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara o ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.*

*4º.-A participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.*

*5º.-A que todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinio da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de deportes -Concello de Vigo.*

*6º.-A fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Colaborar coa entidade Club Vigo Voleibol na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipos de elite na cidade de Vigo.*

2º.- Facilitar os medios precisos para a súa inserción nos ámbitos de promoción da entidade Club Vigo Voleibol , (revista, web, etc).

3º.-Aportar a cantidade de 55.000,00 euros (Cincuenta e cinco mil euros) a entidade Club Vigo Voleibol, en base a colaboración do Concello de Vigo na execución do programa de promoción do deporte de elite da cidade para a tempada 2008/2009, con cargo a partida 4521.489.00.10 do orzamento vixente.

4º.- Conceder directamente á entidade Club Vigo Voleibol, unha subvención por importe de 55.000,00 co obxecto de coadxuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado do equipo de elite da entidade, que participa na categoría Superliga Masculina.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de elite da entidade, na cartelería e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos in-



corridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación a xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, en base ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

*Décimo cuarto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2009.*

**7(104).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CLUBE DEPORTIVO AMFIV EN BASE Á ACTIVIDADE DO SEU EQUIPO DE ÉLITE NA TEMPADA 08/09. EXPTE. 8425/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 27.01.09 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.01.09, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Deportivo AMFIV , para o proxecto de actividades do equipo de elite Aldasa AMFIV da categoría Nacional Absoluta pola actividade na tempada 2008/2009.

2º.- Aprobar o gasto de 39.200,00 €. a favor da entidade: Club Deportivo AMFIV , co CIF: G-36711380 , con enderezo social na rúa LG Canido Estación en Vigo, e numero de conta corrente: 20800097480000057716. Este crédito é con cargo á partida 4521.489.00.07 do vixente orzamento.

3º.- Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

**CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO AMFIV PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ELITE DO EQUIPO "ALDASA AMFIV" NA TEMPADA 2008-2009.**

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de duosmil nove

REUNIDOS

*Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez, na súa calidade de concelleirodelegado/a da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don Pablo Beiro Diz, como presidente do Club Deportivo AMFIV, CIF nº G-36711380 , e enderezo social en LG Canido Estación de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 8425-333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

#### **MANIFESTAN**

*I.- Que a entidade Club Deportivo AMFIV conta cun equipo “ Aldasa-AMFIV ” que participa na categoría Nacional Absoluta de baloncesto en cadeira de rodas, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.*

*A entidade Club Deportivo AMFIV desenvolverá o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2008/2009.*

*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*

*Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

*Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*

- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario do 22 de decembro de 2008, na partida 4521.489.00.07 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 39.200,00 €, a favor da entidade deportiva Club Deportivo AMFIV .*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de élite “ALDASA AMFIV” da entidade Club AMFIV na Liga Nacional de baloncesto en cadeira de rodas durante a tempada 2008/2009.*

*V.- Que a entidade Club Deportivo AMFIV non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 8425-333.*

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Deportivo AMFIV, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva Club Deportivo AMFIV convenen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Deportivo AMFIV comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do proxecto de desenvolvemento de actividades do seu equipo de élite, e concretamente:

1º.-A utilización da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

2º.-A colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltoos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

3º.-A traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara o ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-A participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-A que todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinio da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de deportes -Concello de Vigo.

6º.-A fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Deportivo AMFIV na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipos de elite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a súa inserción nos ámbitos de promoción da entidade Club Deportivo AMFIV, (revista, web, etc).

3º.-Aportar a cantidade de 39.200,00 euros (Trinta e nove mil dous centos euros) á entidade Club Deportivo AMFIV, en base a colaboración do Concello de Vigo na execución do programa de promoción do deporte de elite da cidade para a tempada 2008/2009, con cargo a partida 4521.489.00.07 do orzamento vixente.

4º.- Conceder directamente á entidade Club Deportivo AMFIV, unha subvención por importe de 39.200,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado do equipo de élite da entidade, que participa na categoría nacional absoluta de baloncesto en cadeira de rodas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

*Sétimo.- A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de gasto dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:*

*- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*

*- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

*- En relación a xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, en base ó art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos

que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2009.

**8(105).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CLUBE BOSCO EN BASE Á ACTIVIDADE DO SEU EQUIPO DE ÉLITE NA TEMPADA 08/09. EXPTE. 8429/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 27.01.09 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.01.09, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar do texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Deportivo Bosco, para o proxecto de actividades do equipo de elite Real Club Celta Indepo da categoría liga Feminina de Baloncesto pola actividade na tempada 2008/2009.

2º.- Aprobar o gasto de 92.800,00 €. a favor da entidade: Club Deportivo Bosco, co CIF: G-36692317, con enderezo social na rúa López Mora nº 65 en Vigo, e numero de conta corrente: 0130-3088-12-0146851104. Este credito é con cargo á partida 4521.489.00.05 do vixente orzamento.

3º.- Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO BOSCO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ELITE DO EQUIPO "CELTA INDEPO" NA TEMPADA 2008-2009.*

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de duos mil nove*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez, na súa calidade de concelleirodelegado/a da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don/dona Francisco Araújo Sestelo, como presidente da entidade Club Deportivo Bosco, CIF nº G-36692317 e enderezo social en Rúa López Mora nº 65 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 8429-333 .*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

**MANIFESTAN**

*I.- Que a entidade Club Deportivo Bosco conta cun equipo " Celta Indepo" que participa na categoría Liga Feminina de Baloncesto , desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.*

*A entidade Club Deportivo Bosco desenvolverá o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2008/2009.*

*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*

*Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario do 22 de decembro de 2008, na partida 4521.489.00.05 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 92.800,00€, a favor da entidade deportiva Club Deportivo Bosco.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de élite “Celta Indepo” da entidade Club Deportivo Bosco na Liga nacional Feminina durante a tempada 2008/2009.*

*V.- Que a entidade Club Deportivo Bosco non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 8429-333.*

*VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade deportiva Club Deportivo Bosco, o Concello de Vigo e a dita entidade Club Deportivo Bosco convénen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

## **PACTOS**

*Primeiro.- A entidade Club Deportivo Bosco comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do proxecto de desenvolvemento de actividades do seu equipo de élite, e concretamente:*

*1º.-A utilización da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*



2º.-A colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

3º.-A traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara o ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-A participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-A que todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinio da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de deportes -Concello de Vigo.

6º.-A fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Deportivo Bosco na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipos de elite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a súa inserción nos ámbitos de promoción da entidade Club Deportivo Bosco , (revista, web, etc).

3º.-Aportar a cantidade de 92.800,00 euros (Noventa e dous mil oitocentos euros) a entidade Club Deportivo Bosco, en base á colaboración do Concello de Vigo na execución do programa de promoción do deporte de elite da cidade para a tempada 2008/2009, con cargo a partida 4521.489.00.05 do orzamento vixente

4º.- Conceder directamente á entidade Club Deportivo Bosco, unha subvención por importe de 92.800,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado do equipo de élite da entidade, que participa na categoría Liga Feminina de Baloncesto.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de

Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de elite da entidade, na cartelería e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación a xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, en base ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Depor-

tes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2009.

**9(106).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CLUBE S.D. OCTAVIO EN BASE Á ACTIVIDADE DO SEU EQUIPO DE ÉLITE NA TEMPADA 08/09. EXPTE. 8432/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 27.01.09 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.01.09, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar do texto do convenio que rexerá entre a Concello de Vigo e a entidade deportiva Sociedade Deportiva Octavio Vigo, para o proxecto de actividades do equipo de elite Sociedad Deportiva Octavio Pilotes Posada da categoría LIGA ASOBAL pola actividade na tempada 2008/2009.

2º.- Aprobar o gasto de 104.800,00 €. a favor da entidade: Sociedade Deportiva Octavio Vigo, co CIF: G-36907384, con enderezo social na rúa Avda. Catrelos Nº 1 en Vigo, e numero de conta corrente: 2080.0000.74.0040279964 . Este credito e con cargo á partida 4521.489.00.06 do vixente orzamento.

3º.- Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE SOCIEDAD DEPORTIVA OCTAVIO VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ELITE DO EQUIPO “ PILOTES POSADA ACADEMIA OCTAVIO ” NA TEMPADA 2008-2009.*

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de duosmil nove*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, don Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don Javier Rodríguez López como presidente da Sociedad Deportiva Octavio Vigo , CIF nº G-36907384 e enderezo social na rúa Avda. Catrelos Nº 1 en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 8432-333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade S. D. Octavio Vigo conta cun equipo “ Pilotes Posada Academia Octavio ” que participa na categoría Liga ASOBAL , desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.*

*A entidade S. D. Octavio Vigo desenvolverá o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2008/2009.*

*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*

*Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario do 22 de decembro de 2008, na partida 4521.489.00.06 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 104.800,00 €, a favor da entidade deportiva S. D. Octavio Vigo .

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de elite “Pilotes Posada Academia Octavio” da entidade Sociedad Deportiva Octavio Vigo na Liga ASOBAL durante a tempada 2008/2009.

V.- Que a entidade S. D. Octavio Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 8432-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade S. D. Octavio Vigo , o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva S. D. Octavio Vigo convenen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade S. D. Octavio Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do proxecto de desenvolvemento de actividades do seu equipo de elite, e concretamente:

1º.-A utilización da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

2º.-A colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

3º.-A traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara o ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.-A participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-A que todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinio da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de deportes -Concello de Vigo.

6º.-A fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade S. D. Octavio Vigo na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipos de elite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a súa inserción nos ámbitos de promoción da entidade S. D. Octavio Vigo , (revista, web, etc).

3º.-Aportar a cantidade de 104.800,00 euros (Cento catro mil oitocento euros) a entidade S. D. Octavio Vigo , en base a colaboración do Concello de Vigo na execución do programa de promoción do deporte de elite da cidade para a tempada 2008/2009, con cargo a partida 4521.489.00.06 do orzamento vixente

4º.- Conceder directamente á entidade S. D. Octavio Vigo unha subvención por importe de 104.800,00 € co obxecto de coadxuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado do equipo de elite da entidade, que participa na categoría Liga ASOBAL.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de elite da entidade, na cartelería e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos

*de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:*

*- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*

*- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

*- En relación a xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, en base ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sigificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2009.*

**10(107).- SOLICITUDE DO ANPA COUTADA BEADE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO XXXIII CROSS ESCOLAR COUTADA BEADE O DÍA 22 DE MARZO DE 2009. EXPTE. 8405/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.01.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ANPA Coutada Beade a organizar o vindeiro domingo 22 de marzo de 2009, o XXXIII Cross Escolar Coutada Beade, dito Cross comezará ás 10.00 horas, e percorrerá os camiños de



Romeu e Lago así coma a carretera de Porto, o cross rematará ás 13.30 horas aproximadamente, tendo a saída e a meta, no propio colexio.

**11(108).- SOLICITUDE DO SERVIZO DE DEPORTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DA CARREIRA “10 KM CIDADE UNIVERSITARIA” O DÍA 22 DE MARZO DE 2009. EXPTE. 8407/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.01.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Servizo de Deportes da Universidade de Vigo, a organizar o vindeiro domingo 22 de marzo de 2009, a carreira 10 Km Cidade Universitaria, e que percorrerá pola estrada de circunvalación do Campus Universitario Lagoas – Marcosende, tramo da estrada de acceso ao Campus dende a Autovía A-52 situado entre a estrada a Cidade Deportiva do Circulo Mercantil e a rotonda que marca o inicio da circunvalación ao propio Campus Universitario, dita proba comezará ás 12.00 horas e rematará ás 13.30 horas.

**12(109).- SOLICITUDE DA FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES PARA DISCAPACITADOS PARA A CELEBRACIÓN DO CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVÉS 2009 O DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2009. EXPTE.8437/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 30.01.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Federación Galega de Deportes para Discapacitados a organizar o vindeiro mércores 11 de febreiro de 2009, o Campionato Galego de Campo a Través 2009, dito Cross, se levará a cabo no Parque de Castrelos, comenará ás 9.30 horas, e rematará ás 14.00 horas.

**13(110).- DIRECCIÓN DE OBRA E PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE “ACONDICIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA DE VIGO”. EXPTE. 10306/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 26.01.09, conformados pola concelleira delegada de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Nomear a D. Miguel A Carrera Mouriño, como Director Facultativo das obras de “Acondicionamento da Escola de Música de Vigo”.

2.- Aprobar o Plan de Seguridade presentado pola empresa adxudicataria Plygepe Sl. e aceptado polo técnico municipal D. Miguel A. Carrera Mouriño.

**14(111).- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DO PROXECTO “EMPRENDE EN COOPERATIVA” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 5674/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego de data 02-02-09, conformado polo concelleiro delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto denominado “ *Emprende en Cooperativa* ”, elaborado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.

2º.- Solicitar á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na normativa regulada pola orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan subvencións destinadas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2009, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4º.- Encomendar ao Servizo de Promoción Económica e Emprego, a xestión do proxecto Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación da solicitude de subvención e da validación do proxecto “*Emprende en cooperativa*” diante da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

**15(112).- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DO PROXECTO “VIGO ORNAMENTAL” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 5660/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego de data 02-02-09, conformado polo concelleiro delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto denominado Obradoiro de Emprego “Vigo-Ornamental”, elaborado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.

2º.- Solicitar á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na normativa que regula o Programa de Escolas obradoiro, Casas de oficios e Obradoiros de Emprego.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2009 e 2010, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

**16(113).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 267.121,85 € A FAVOR DA EMPRESA “LIMPEZAS DEL NOROESTE S.A.”. EXPTE. 18544/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral de data 20.01.09, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 15.12.08, que di o seguinte:

*O Concello de Vigo, por Resolución da Alcaldía de 30 de decembro de 2002, acordou adxudicar o servizo de limpeza da Casa Consistorial e outras dependencias municipais, propias ou arrendadas, á empresa “Limpezas del Noroeste, S.A.”- LINORSA-, por un prezo contractual de 957.374,84 euros/ano, e un prazo de dous anos, con posibilidade de prorroga por dous anos mais, mediante acordo expreso do Organo de Contratación.*

*O prazo da contratación ó que se refire o parágrafo anterior, tal como estaba estipulado no prego de condicións que rexeu o concurso convocado para a adxudicación, finalizou o 31 de decembro de 2006, e o feito que á data actual, non esté adxudicado un novo concurso para a prestación do servizo de limpeza en distintas de-*

pendencias municipais, incluído o edificio da Casa do Concello, fai que sexa necesario indemnizar á empresa polos servizos prestados.

Dado o tipo de servizo de que se trata, requireuse ó adxudicatario do servizo, para que continuase coa prestación deste, ata que se adxudique o novo expediente de contratación que se está tramitando.

A empresa adxudicataria manifestou a conformidade á continuar coa prestación de dito servizo, nas mesmas condicións que ata data se estaba realizando, incluíndo a posibilidade de revisión de prezos tal como se recollía na contratación inicial concertada coa empresa.

O importe facturado considerase adecuado, xa que, o cálculo deste, foi efectuado en base os mesmos criterios, e correspondense cos vixentes no contrato do servizo de limpeza de dependencias do Concello de Vigo cúa empresa Linorsa.

O importe deste expediente de recoñecemento de debida, corresponde ó adeudado á empresa perante os meses de outubro a novembro, ambos incluídos, mais o importe correspondente a limpeza do mese de setembro, correspondente a limpeza nos aseos do parque de Castrelos, por mor de unha nova ampliación cúa inclusión dos aseos.

O importe facturado mensualmente pola limpeza dos distintos centros, unha vez actualizado é o seguinte:

- Limpeza Casa do Concello 118.481,24 euros.
- Limpeza edificio rúa areal 36/Oporto 9.513,04 euros.
- Limp. Programa pto. Xove 546,44 euros.
- U.B.A.S. Teis 327,56 euros.
- Programa empece 1.112,47 euros.
- Limpeza en vestuarios de Castrelos 487,84 euros.
- Limpeza en aseos de castrelos: 359,69 euros.
- Aumento do servizo de limpeza en Parque Movil 895,89 euros.

Inclúese tamén neste expediente de crédito, a facturación de diversos traballos extraordinarios realizados en distintos centros municipais, como a exposición Abu Grhaib- El circo realizada na Casa das Artes.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, co fin de aboar á empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, a cantidade adeudada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, se adopte o acordo de indemnizar a empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, en concepto de indemnización substitutiva, pola prestación do servizo de limpeza na Casa do Concello e outras dependencias municipais, 267.121,85 euros iva engadido.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, por un importe total de 267.121,85 euros, iva engadido, que se imputarán a partida presupuestarias 12102270000 do vixente exercicio.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(114).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE LA FIESTA ESCÉNICA S.L. EXPTE. 2608/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención, do 28.01.09, e de acordo co informe-proposta do Servizo de contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a La Fiesta Escénica S.L. a fianza de 2.100 euros constituída para responder da produción da Cabalgata de Reis 2009, xa que foi executada conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**18(115).- ABOAMENTO DE COTAS DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO INMOBLE SITO NA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA Nº 12-14. EXPTE. 18555/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 21.01.09, conformado polo concelleiro-delegado de Patrimonio, a xefa de fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de cuotas de comunidade , a Comunidade de Propietarios do inmovible sito na rúa República Argentina nº 12- 14, a cantidade de 5.254,32 euros, polo importe correspondente os meses de xaneiro febreiro e marzo de 2009, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

**19(116).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE O MES DE XANEIRO DE 2009. EXPTE. 4790/307.**

De acordo coa base 31ª das Bases de Execución do presuposto municipal, a delegada de patrimonio Histórico dá conta á Xunta de Goberno local da relación de contratos menores tramitados durante o mes de xaneiro do ano 2009 por dito Servizo e que son os seguintes:

NºExp	Serv	Asunto	0,00 €	Adxudicatario
4746	307	CONTRATACIÓN CONEXIÓN CENTRAL ALARMAS, MANTEMENTO SISTEMA DE SEGURIDADE E MANTEMENTO EXTINTORES DO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL PARA O ANO 2009	409,00 €	BOEL SEGURIDADE SL
4747	307	CONTRATACIÓN REDACCIÓN PROXECTO URBANIZACIÓN RÚAS FERRERÍA, SAN SEBASTIÁN E SUBIDA A LA CUESTA	20.849,00 €	GOC S.A.
4748	307	CONTRATACIÓN PROXECTO MELLORA DAS RÚAS BALLESTA, GAMBOA, FERMÍN PENZOL E XOAQUÍN YÁÑEZ	20.207,65 €	TECPRO INGENIERIA
4749	307	CONTRATACIÓN REDACCIÓN PROXECTO MELLORA DAS RÚAS PEÑASCO, SAN XULIÁN, SAN BERNARDO E XUANELO	11.833,22 €	TECPRO INGENIERIA
4750	307	CONTRATACIÓN PLAN MUSEOGRÁFICO PARA A REVALORIZACIÓN E MUSEALIZACIÓN DOS RESTOS ARQUEOLÓXICOS DE O CASTRO DE VIGO	13.920,00 €	MATILDE GLEZ MENDEZ
4751	307	CONTRATACIÓN REDACCIÓN PROXECTO ARQUITECTÓNICO E TRATAMENTO DE VEXETACIÓN DO PROXECTO DE ADECUACIÓN DO ENTORNO DO POBLADO CASTREXO DO MONTE DE O CASTRO DE	15.200,64 €	IRISGAL

		VIGO		
4752	307	CONTRATACIÓN REDACCIÓN ESTUDIO SEGURIDADE E SAÚDE DO PLAN DE REVALORIZACIÓN DOS RESTOS DE O CASTRO DE VIGO	812,00 €	ALEJANDRO MTNEZ GARCIA
4760	307	CONTRATACIÓN DE PROGRAMA DE DIVULGACIÓN ARQUEOLÓGICA ENERO-MARZO 2009	5.839,31 €	LUA VERDE SL

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**20(117).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO 2008. EXPTE. 18742/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.01.09, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 8.01.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

*O 2 de xaneiro de 2009 a Xunta de Compensación do Plan Parcial Cambeses presenta escrito no que se comunica a disolución da Xunta de compensación do Plan Parcial Cambeses, achegando ao efecto escritura pública de disolución, outorgada perante o Notario don Miguel Lucas Sánchez o 26 de decembro de 2008, constando no número 3152 do seu protocolo.*

*En consecuencia, vista a normativa aplicable, artigo 154 e seguintes da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia , artigo 30.1 do Regulamento de Xestión Urbanística e*

127.1 d) da LRBRL na nova redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

*Primeiro.- Aprobala disolución da Xunta de Compensación do Plan Parcial Cambeses constituída por D. Benito Malvar Egerique e outros propietarios do polígono que representan máis do 50% da súa superficie ante o Notario D. Jose María Rueda Pérez, ó número 2147 do seu protocolo, o día dezaoito de outubro de mil novecentos noventa e nove e inscrita no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras do 15 de xuño de 2000. A escritura de disolución é de 26.12.08 realizada ante o notario don Miguel Lucas Sánchez (número de protocolo 3152).*

*Segundo.- Traslada-lo presente acordo ó Sr. Director Xeral de Urbanismo da CPTOPV para a súa constancia no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras, conforme ó disposto na orde do 30 de decembro de 1999 da citada Consellería e o artigo 30 do real decreto 3288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **36(133).- INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DAS SENTENZAS REFERENTES AO ÁMBITO DA “UNIDADE DE EXECUCIÓN I-05 ROSALÍA DE CASTRO I” E NOMEAMENTO DUN GRUPO DE TRABALLO PARA A SÚA RESOLUCIÓN. EXPTE. 989/400.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado pola xerente municipal de Urbanismo, do 2.02.09, que di o seguinte:

*O Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29.04.1993 (PXOU-93) delimitou a Unidade de Execución "I-05-Rosalía de Castro 1", cunha extensión aproximada de 25.400 m2, clasificación de solo urbano, edificabilidade media de 4 m2/m2 e ordenación directa. Na súa Ficha de Características determinouse como sistema de actuación o de compensación, así como a obriga de ceder ó Concello unha superficie de 12.250 m2 para apertura de novo viario. Finalmente se estableceu que: "(...) debaixo do tramo que prolonga a actual Rúa Rosalía de Castro construírase un aparcamento. A explotación do citado aparcamento corresponderá á Xunta de Compensación (...)".*

*En data 23.12.1993 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente as Bases e Estatutos da referida unidade de actuación, que foran publicados no BOP núm. 170, do 03/09/1993 (expte. 2251/411). Na mesma data aprobouse tamén definitivamente o correspondente Proxecto de Urbanización dese ámbito (expte. 3767/401).*

*O 21.03.1994 se constituíu a Xunta de Compensación (XC) mediante Escritura Pública outorgada ante o Notario de Vigo D. Alfredo-Arturo Lorenzo Otero, co núm. 690 do seu protocolo.*

*O Proxecto de Compensación aprobouse definitivamente mediante acordo plenario do 27.07.1994, ratificado e clarexado mediante outro posterior do 31.08.1994. Foi protocolizado en Escritura Pública outorgada no 14.09.1994 ante o Notario de Vigo D. Alfredo Arturo Lorenzo Otero co núm. 2144 do seu Protocolo.*

*Tamén no 31.08.1994 aprobouse definitivamente o Estudio de Detalle da referida unidade de execución. Este instrumento de planeamento secundario resultaba en principio innecesario toda vez que o propio PXOU-93 establecera directamente a ordenación pormenorizada do polígono.*

*En data 16.02.1996 a Comisión de Goberno acordou conceder á entidade mercantil "Parking Rosalía de Castro, S.L." Licencia de Actividades e Instalacións para a explotación dun aparcamento no subsolo desa rúa (expte. 13.243/422).*

No 14.06.1996 a Comisión de Goberno acordou "(...) Aproba-la recepción das obras de urbanización da UE I-05 Rosalía de Castro-1, coa excepción do tramo interior de acceso ós bloques da rúa Roupeiro <constituído un aval de 5.000.000 ptas. para responder das obras pendentes, segundo o mandamento de ingreso nº 8.96.4.00613>, xa que as obras se axustan sensiblemente ó proxecto aprobado, non observándose vicios externos (...)".

En referencia ó ámbito, se produciron as seguintes incidencias xudiciais:

- En data 19.06.1997 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) dictou a súa Sentencia núm. 784, en autos de Recurso Cont.-Ad. 2/4834/1994, promovido por D. José Martínez Torea. En virtude da mesma anulouse parcialmente o acordo de aprobación definitiva do PXOU-93. No que atinxe á "U.E. I-05 Rosalía de Castro 1", a causa de anulación radicou únicamente na: "(...) inacceptable cesión de la propiedad del subsuelo de calle objeto de concesión, pero no de cesión de propiedad (...)". Esta sentenza é firme dado que está confirmada polo Tribunal Supremo.

- No 20.06.1996 o TSXG dictou Sentencia (núm. 494/96) no Recurso Cont.-Ad. 2/5337/1994 promovido por D. Ricardo Rama Laguna e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores López Maceira, que foi ratificada pola do Tribunal Supremo (S<sup>a</sup> 3<sup>a</sup>, Secc. 5<sup>a</sup>) do 14/06/2001 (Arz. RJ 2001\5574). Nela anuláronse os citados Acordos municipais do 27.07.1994 e 31.08.1994 de aprobación definitiva do Estudio de Detalle e do Proxecto de Compensación, pola única causa de que nas fincas resultantes 16 e 16' do Proxecto (entre as rúas Inés Pérez de Zeta e República Argentina Núm. 8) mantense un uso de gasoliñeira baixo as novas vivendas proxectadas, con infracción do disposto no Art. 6 R.D. 645/1988, do 24 de xuño.

- O 16.01.1997 o TSXG emitíu a súa Sentencia 32/97 en autos de Rec.Cont.-Ad. 2/4471/1994 interposto por D. José Caride Guisande, logo confirmada pola do Tribunal Supremo (S<sup>a</sup> 3<sup>a</sup>, Secc. 5<sup>a</sup>) do 12.11.2001 (Arz. RJ 2001\8960). En virtude da mesma anuláronse os Acordos municipais do 23/12/1993 de aprobación definitiva das Bases e Estatutos e do Proxecto de Urbanización da devandita U.E., polos seguintes tres motivos: a) Permuta de aproveitamento municipal por vivendas futuras. b) Indevida adxudicación á Xunta de Compensación do subsolo de viais públicos para execución e explotación dun parking de titularidade privada c) Non se pode obrigar ós membros da Xunta de Compensación a explotar un parking subterráneo nin a asumi-lo custe da súa construción.

Pola Orde de 16.05.08 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, se deu aprobación (de xeito parcial) ó Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo. Entre as súas determinacións, está unha bolsa de solo clasificado como solo urbano consolidado cunha regulación específica establecida pola "Área de Ordenación Pormenorizada número 3, Rosalía de Castro I" (en adiante, AOP 03 Rosalía de Castro I).

É un feito constatado que o antigo ámbito denominado polo PXOU do ano 1993 Unidade de Execución "I-05-Rosalía de Castro 1", precisa dun tratamento conxunto. Existen diversos procesos xudiciais que instan a execución das sentenzas aludidas con anterioridade e en todo caso, a mesma deberá facerse ó abeiro do establecido na nova ordenación contida no PXOM aprobado recentemente.

Un dos problemas que maior atención require é o de determinar e solucionar a situación patrimonial e urbanístico do aparcadoiro construído no ámbito pola propia Xunta de Compensación. Na opinión do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Recurso Cont.-Ad. 2/4834/1994) de 16.09.97 e 16.01.97 (Rec.Cont.-Ad. 2/4471/1994), o mesmo está predeterminado a converterse nun aparcadoiro de titularidade municipal. De tal xeito, neste momento é preciso abordar a forma de xestión (directa ou indirecta) do aparcadoiro tendo en conta en todo caso todos os dereitos con contido patrimonial. Os acordos relativos á xestión dos servizos públicos deben adoptarse tra-la tramitación dun procedemento específico que culmine coa adopción dun acordo que será realizado no exercizo da potestade de autorganización da Administración municipal.

Concorren no expediente cuestións de tipo privado, patrimonial e urbanístico. A proposta de resolución de todas as cuestións, demandan do análise e estudio conxunto dos técnicos do Concello de Vigo e da propia Xerencia municipal de urbanismo.

Por todo elo, precísaxse da formación dunha comisión ou grupo de traballo que permita a realización dunha proposta de resolución de todas as cuestións relativas ó ámbito da "AOP 03 Rosalía de Castro 1". A mesma non terá o carácter de órgano administrativo e estará formada polo seguinte persoal:

- Un xurídico da Oficina de Patrimonio.
- Un letrado da Asesoría Xurídica.
- Un técnico con coñecementos dentro do eido económico.
- O secretario da Xerencia municipal de urbanismo.
- Un técnico da oficina de planeamento e xestión.

Os funcionarios que pertencen a plantilla do Concello, serán nomeados pola Concellería de Xestión Municipal. Periódicamente informarán tanto á Xerencia municipal de urbanismo como á Concellería de Xestión municipal, elevando unha memoria ou proposta final de resolución de todas as cuestións referentes á execución das sentenzas aludidas que afecten ó ámbito da "AOP 03 Rosalía de Castro I".

Á vista do informado, se propoñe á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Constituir un grupo de traballo para o análise e proposta de resolución das cuestións relativas ó ámbito da Unidade de Execución "I-05-Rosalía de Castro 1".

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **37(134).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A DOMUS HOME S.L. POR OBRAS NA RÚA CANCELEIRO Nº 18. EXPTE. 56566/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Vías e Obras, do 29.01.09, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Vista a solicitude de devolución formulada por DOMUS HOME S.L. , de data 26/02/08, en relación a aval constituído en data 26/08/2005, para responder dos danos que pudesan ocasionarse por execución de obras de edificación na rúa Canceleiro nº 18, constando copia do mesmo no presente expediente.*

*Visto o informe do Inspector de Vías e Obras, de data 29 dexaneiro de 2009, donde reséñase que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que* **PROPONSE:**

*Proceder a devolución da fianza a DOMUS HOME S.L., constituída na data reseñada, polo importe de 1.500 euros.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA**



A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**38(135).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO. EXPTE. 5676/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 4.02.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a presentación da solicitude de axuda para a contratación de 6 técnicos de orientación laboral e 2 auxiliares administrativos de apoio, que rexirán polo acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME, que se achega xunto co presente informe á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia en base ao establecido na Orde de 30 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, por un importe total de 275.245,29 €

2º.- Encomendar ao Servizo de Promoción Económica e Emprego, a xestión do servizo de orientación Laboral.

3º.- Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia

**39(136).- SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA OS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN COA XUNTA DE GALICIA – ANO 2009 EXPTE. 5681/77**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 05-02-09, do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar as memorias para presentar á convocatoria de **Programas de Cooperación 2009**, que se resumen no cadro adxunto.

Segundo.- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de **4.584.975,31 €** para o desenvolvemento das memorias aprobadas.

Terceiro.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.

**40(137).- GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL AGOSTO-DECEMBRO 2008. EXPTE. 18750/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 5.02.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 4.02.09, conformado pola xefa do Servizo de Persoa e o concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes aos meses de Xullo (Conserxeria), Agosto e Decembro de 2008 , con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

Servizo de conserxería, relación que se achega e que contén a D Teresa Vaqueiro Herbello , por un total de 102.50 horas, e a D Jose Angel Fernandez Alonso, por un total de 19.30 h correspondentes ao mes de agosto de 2008

Servizo de vías e obras (inspección), relación que se achega e que comeza por D Benito Barciela Simon e remata por Don Ventura Oujo Gerut, por un total de 66 horas correspondentes ao mes de agosto de 2008

Servizo de vías e obras, relación que contén a D Ramon Vazquez Rial e remata por D Ricardo Lobato Cameselle, por un total de 47 horas correspondentes ao mes de agosto de 2008.

Servizo de vías e obras, relación que contén a D Raimundo Villar Estevez, por un total de 47 horas correspondentes ao mes de agosto de 2008.

Servizo de montes, parques e xardíns, relación que se achega e que comeza por D Alfonso Casas Iglesias e remata por Don Jose Luis Vidal Alvarez, por un total de 886 horas, correspondentes ao mes de xullo de 2008.

Concellalía de Distritos, relación que se achega e que contén a D<sup>a</sup> Carmen Cotilla Iglesias, por un total de 7.50 h, correspondentes ao mes de agosto de 2008

Servizo de parque central, relación que se achega e que comeza por Don Guillermo Abelleira Porrua e remata por Don Bernardo Rodríguez Leston, por un total de 224 horas correspondentes ao mes de agosto de 2008 .

Servizo de parque mobil, relación que se achega e que comeza por Don Manuel Alonso Iglesias e remata por Don J Antonio Rodríguez Rodríguez, por un total de 821.15h (mes agosto).

Servizo de O.S.P.I.O., relación que se achega e que comeza por Don Jose Eugenio Matilde Viñas e remata por Don Angel Ferro Mancho, por un total de 60 horas, correspondentes ao mes de agosto de 2008.

Servizo de policía local (Asistencia Xulgados decembro 2008), relación que se achega e que comeza por Don Constante Alonso Caride e remata por Don Juan Guillermo Mijares, por un total de de 1016 horas.

Servizo de policía local (decembro 2008), relación que se achega e que comeza por Don Manuel Fernando Aguado Taboada e remata por Don Juan Guillermo Mijares, por un total de de 587.30 horas.

Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, relacion que se achega e que comenza por D Francisco J Abreu Torres e remata por D Alberto Villar Gutierrez, por un total de 3554 h, correspondnetes ao mes de decembro de 2008

Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, relacion que se achega e que contena a Dª M Luz Palmas Calvar, por un total de 40 h

Servizo Policia Local ( 1º Tenencia de Alcaldía), relacion que contena a D Jose Luis Perez Costas e Manuel Antonio Vazquez Martinez, por un total de 105 h, correspondentes ao mes de decembrpo de 2008

Servizo Policia Local ( 1º Tenencia de Alcaldía), relacion que contena a D Jose Luis Perez Costas e Manuel Antonio Vazquez Martinez, por un total de 24 h, correspondentes ao mes de decembrp de 2008 (Asistencia ao Xulgados).

O montante do presente expediente ascende a un total de 67614.69 € .

#### **41(138).- ABOAMENTO DÉBEDAS SEGURIDADE SOCIAL. EXPTE. 18785/220**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos de data 04-02-09, conformado polo concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal e vista a fiscalización da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Acordar o aboamento das débedas pendentes á Seguridade Social en concepto de compensación de incapacidade temporal por enfermidade común segundo documentos nºs 80149659, 80149660, 80149662 (data de entrada no rexistro do 25/11/2008) e documento nº 90013381 (data de entrada no rexistro do 02/02/2009), que ascenden a un importe total de **2.076,68 euros** segundo os importes consignados nos documentos anteditos, autorizando en consecuencia o gasto por dito importe con cargo a partida 31311600000.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á Intervención Xeral e Tesourería Municipal para que con **carácter urxente** se proceda á efectiva materialización presente acordo e do gasto inherente ao mesmo.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### **42(139).- RECLAMACIÓN PREVIA SOBRE RECOÑECIMENTO ANTIGÜIDADE DE Dª DOLORES SEOANE DOMÍNGUEZ. EXPTE 18792/220**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe xurídico con proposta de acordo de data 05-02-09, da xefa do Servizo de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que dio o seguinte:

*“ANTECEDENTES*

*1.- En escrito de data 03/10/2008 (documento nº 80122111) Dª Dolores Seoane Domínguez, con DNI nº 36132.801-P, presenta reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional laboral en reclamación de dereito e cantidade.*

*2.- A reclamante presta servizos no Concello de Vigo en execución da Sentenza do Xulgado do Social nº 4 de Vigo de data 16 de outubro do 2006, recaída no procedemento nº 538/06, que estimou a pretensión exercitada pola mesma, declarando nulo o despido efectuado en data 03/07/2006, e ordenando ao Concello de Vigo a readmisión da actora con idénticas condicións ás que tiña con anterioridade e ao aboamento dos salarios deixados de percibir dende a dita data.*

*A dita sentenza é firme ao ter sido confirmada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en Sentenza de 9 de febreiro do 2007 (recurso de suplicación nº 6180-2006).*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, e polo que respecta ao persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63ª 73 –ambos inclusive- a obriga de exercita-la reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.*

*Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.*

*II. -A reclamante Dª Dolores Seoane Domínguez mantíña unha relación contractual de natureza xurídico-administrativa-suxeita á lexislación vixente en materia de contratos das Administracións Públicas- co Servizo de Cultura e co Museo Municipal Quiñones de León, unidades administrativas que no seu día tramitaron –a traveso da figura do contrato menor de asistencia técnica- sucesivos contratos administrativos de asistencia técnica que o Xulgado estimou como efectuados en fraude de lei e inequivocamente significadores da existencia de relación laboral de carácter indefinido (non fixo). A sentenza de instancia reconece que a reclamante viu desempeñando diversas funcións relacionadas co préstamo de obras de arte, xestión de fondos museísticos, e tarefas de carácter administrativo. Asemade, fixa directamente o salario que o Concello debe aboar á mesma na contía de 1.814,75 euros/mes.*

*III.- A apreciación que realiza a reclamante en relación coa categoría profesional que ao seu xuízo lle corresponde, encadrándose nun subgrupo ou outro de titulación por asimilación ao persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas –e que consecuentemente inflúe no concepto retributivo de antigüidade- debe ser discutida en base aos seguintes argumentos:*

*O Concello de Vigo, en cumprimento do preceptuado no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, iniciou as actuacións administrativas tendentes á regularización da situación da traballadora Dª Dolores Seoane Domínguez. O dito Decreto contempla na súa Disposición Transitoria Terceira que*

*“O disposto no artigo 10.4 será aplicable para as declaracións xudiciais de indefinición que se produzan tras a entrada en vigor desta lei de reforma. Non obstante, no período máximo dun ano a partir da entrada en vigor da lei, deberanse realizar, se é o caso, os procesos de creación de prazas derivadas de declaracións xudiciais anteriores á devandita data.*

*As prazas deberán ser cubertas polo oportuno sistema de selección ou provisión, no prazo máis breve posible.”*

*A praza foi creada nos Orzamentos municipais correspondentes ao ano 2008, e a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30 de decembro do 2008, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente ao dito ano 2008, na que se contén –entre moitas outras- unha praza de administrativo/a de administración xeral, encadrada no subgrupo C1 de titulación, escala de administración xeral, que será convocada con respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como aos restantes contidos no artigo 55 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do martes 13 de abril do 2007) que constitúe o marco normativo básico aplicable ao persoal ao servizo das Administracións Públicas – inclusive á Administración Local-. Esta norma implica unha modificación do sistema de fontes do Dereito en canto á relación xurídico-laboral do persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas (v. Exposición de Motivos, parágrafo 11 in fine) e resulta aplicable ao mesmo con relación ás especificidades propias do mesmo no marco da Administración e no non previsto na lexislación laboral (artigos 1.2, 7, e 11 entre outros).*

*A referida Lei 7/2007, do 12 de abril, contempla no seu artigo 72 que:*

*“No marco das súas competencias de autoorganización, as Administracións Públicas estruturarán os seus recursos humanos de acordo coas normas que regulamentan a selección, a promoción profesional, a mobilidade e a distribución de funcións e conforme ao previsto neste Capítulo”*

*En coherencia co anterior, “as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, ao que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditos instrumentos serán públicos”. (artigo 74).*

*Lémbrese que as atribucións de organización e xestión dos efectivos existentes na Administración Local deriva da esencial potestade de autoorganización da cal gozan as Entidades Locais para o cumprimento dos seus fins, consagrada no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.*

*No uso destas competencias autoorganizativas, e sempre respectando o contido do fallo da Sentenza do Xulgado do Social nº 4 de Vigo de data 16 de outubro do 2006, recaída no procedemento nº 538/06, e aos estritos efectos de garantir os dereitos como traballadora da Sra. Seoane Domínguez a pesares de non ser firme a sentenza de instancia, o Concello formalizou provisionalmente no ano 2006 a alta da mesma na nómina municipal e nas cotizacións empresariais á Seguridade Social, cunha categoría asimilada ao subgrupo C1 (antigo grupo C), toda vez que as funcións que recoñece a dita resolución xudicial poden ser realizadas por un administrativo/a de administración xeral, consonte ás Guías de Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo actualmente vixentes, aprobadas polo Pleno do Concello no ano 2002.*

*A Relación de Postos de Traballo, por canto que afecta ás condicións retributivas do persoal municipal, constitúe materia obxecto de negociación colectiva ao abeiro do artigo 37 da Lei 7/2007, tendo sido negociada cos sindicatos lexitimados ao efecto segundo consta nas actas da Mesa Xeral de Negociación celebradas o 11/02/2008 e 20/02/2008. Recentemente foi negociada e aprobada a Relación de Postos de Traballo correspondente ao ano 2009, tamén negociada cos sindicatos en idénticos termos nas Mesas Xerais celebradas os días 15 de xaneiro do 2009 e o propio 16 de xaneiro do 2009.*

*Actuacións administrativas que en nada contradín o disposto no artigo 22 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, en canto aos sistemas de*

clasificación profesional dos traballadores/as por medio de categorías ou grupos profesionais, nin ao contido das resolucións xudiciais firmes existentes á data de hoxe con respecto á Sra. D<sup>a</sup> Dolores Seoane Domínguez.

III. A Lei 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009, contempla no seu artigo 25 as retribucións do persoal laboral ao servizo do sector público estatal; no artigo 25 da mesma, e polo que respecta ao persoal laboral do sector público estatal –de aplicación ao persoal laboral ao servizo da Administración Local- preceptúase que:

“Uno. A los efectos de esta Ley se entiende por masa salarial el conjunto de las retribuciones salariales y extrasalariales y los gastos de acción social devengados durante 2008 por el personal laboral del sector público estatal, con el límite de las cuantías informadas favorablemente por el Ministerio de Economía y Hacienda para dicho ejercicio presupuestario, exceptuándose, en todo caso:

1. Las prestaciones e indemnizaciones de la Seguridad Social.
2. Las cotizaciones al sistema de la Seguridad Social a cargo del empleador.
3. Las indemnizaciones correspondientes a traslados, suspensiones o despidos.
4. Las indemnizaciones o suplidos por gastos que hubiera realizado el trabajador.

Con efectos de 1 de enero del año 2009 la masa salarial del personal laboral del sector público estatal no podrá experimentar un crecimiento global superior al 2 % respecto de la establecida para el ejercicio de 2008, comprendido en dicho porcentaje el de todos los conceptos, sin perjuicio de lo dispuesto en el segundo párrafo del apartado Tres y en el tercer párrafo del apartado Cuatro del artículo 22 de la presente Ley, y de lo que pudiera derivarse de la consecución de los objetivos asignados a cada Departamento ministerial u Organismo público mediante el incremento de la productividad o modificación de los sistemas de organización del trabajo o clasificación profesional.

Las variaciones de la masa salarial bruta se calcularán en términos de homogeneidad para los dos períodos objeto de comparación, tanto en lo que respecta a efectivos de personal y antigüedad del mismo, como al régimen privativo de trabajo, jornada, horas extraordinarias efectuadas y otras condiciones laborales, computándose por separado las cantidades que correspondan a las variaciones en tales conceptos.

Lo previsto en los párrafos anteriores representa el límite máximo de la masa salarial, cuya distribución y aplicación individual se producirá a través de la negociación colectiva. La autorización de la masa salarial será requisito previo para el comienzo de las negociaciones de convenios o acuerdos colectivos que se celebren en el año 2009, y con cargo a ella deberán satisfacerse la totalidad de las retribuciones del personal laboral derivadas del correspondiente acuerdo y todas las que se devenguen a lo largo del expresado año.

Dos. Durante el primer trimestre de 2009 el Ministerio de Economía y Hacienda autorizará la masa salarial de los Departamentos ministeriales, Organismos, Agencias estatales, entidades públicas empresariales y demás entes públicos. La masa salarial autorizada se tendrá en cuenta para determinar, en términos de homogeneidad, los créditos correspondientes a las retribuciones del personal laboral afectado.

Tres. Para el año 2009 las cuantías de la contribución individual al plan de pensiones de la Administración General del Estado correspondiente al personal laboral al que se refiere este artículo serán las establecidas para el personal funcionario. Para el personal laboral acogido al Convenio Único para el personal laboral de la Administración General del Estado las cuantías se ajustarán a la siguiente equivalencia:

Grupo/Subgrupo	Grupo Profesional	Personal laboral
A1		1
A2		2

C1	3
C2	4
E (Ley 30/1984) y Agrupaciones Profesionales (Ley 7/2007)	5

*Para el personal laboral no acogido al citado Convenio Único la equivalencia se efectuará de acuerdo con el nivel de titulación exigido en su convenio colectivo o contrato laboral, en consonancia con la establecida para el acceso a los grupos de titulación del personal funcionario.*

*La cuantía de la contribución individual correspondiente a los trienios de personal laboral para el año 2009 será de 6,33 euros por trienio.*

*Cuatro. Cuando se trate de personal no sujeto a convenio colectivo, cuyas retribuciones vengan determinadas en todo o en parte mediante contrato individual, deberán comunicarse al Ministerio de Economía y Hacienda las retribuciones satisfechas y devengadas durante 2008.*

*Cinco. Las indemnizaciones o suplidos del personal laboral, que se regirán por su normativa específica, no podrán experimentar crecimientos superiores a los que se establezcan con carácter general para el personal no laboral de la Administración General del Estado.”*

*IV. O importe do concepto retributivo de antigüidade axústase ao establecido na Resolución de 2 de xaneiro de 2009, da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos, pola que se dictan instrucións en relación coas nóminas dos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, de 2 de agosto nos termos da disposición final cuarta da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e se actualizan para o ano 2009 as contías das retribucións do persoal a que se refiren os correspondentes artigos da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para dito exercicio, e que se aplica ao persoal laboral ao servizo desta Administración en atención ao artigo 20 do vixente “Acordo regulador das Condicións Económicas e Sociais dos Traballadores/as ao Servizo do Concello de Vigo”, que establece que ao persoal laboral ao servizo do Concello de Vigo ,en canto á estrutura das súas retribucións, serán as mesmas que as do persoal funcionario da súa mesma categoría en antigüidade.*

*O anterior coa lóxica salvidade do importe do soldo que percibe a Sra. Seoane Domínguez (1.814,75 euros mensuais) contido na propia Sentenza Sentenza do Xulgado do Social nº 4 de Vigo de data 16 de outubro do 2006, recaída no procedemento nº 538/06.*

*V. En coherencia cos motivos e argumentación xurídica anteriormente exposta, a pretensión da reclamante debe ser desestimada.*

*VI. No uso das atribucións que en canto á xestión do persoal municipal o artigo 127.1, apartado g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, outorga á Xunta de Goberno Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal segundo as competencias que ostenta por delegación da Alcaldía-Presidencia efectuada en Decreto de data 05/07/2007, sométese á súa consideración a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*“Primeiro.- Desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral presentada por Dª Dolores Seoane Domínguez en reclamación de dereito e cantidade en escrito de data 03/10/2008 (documento nº 80122111), polos motivos expostos na fundamentación xurídica que antecede.*

*Segundo.- Notifíquese o presente acordo á interesada e á representación legal do Concello (Asesoría Xurídica), significándolle que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de*

*xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo dos que procedan nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Procedemento Laboral, ou calquera outro que se estime procedente en Dereito.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **43(140).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA FAUSTINO ALVAREZ. EXPTE. 63/440.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 6.02.09, conformada pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Construcciones Eiriña, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de para a humanización da rúa Faustino Alvarez ( expte 63-440) por un prezo total de 173.514,76 euros IVE incluído e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 4, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 14 persoas das que 12 terán presenza permanente na obra.

Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %

Aportar 4 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Destina a cantidade de 17.535,70 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 19-01-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.



- Xustificante de ter aboado os anuncios de licitación, non procede neste caso.
- A relación do persoal mínimo que se vai a adcribir ó contrato, deberá ser nominal e indicando a categoría profesional. Asimesmo indicarse si a procedencia do mesmo é da plantilla propia ou procedente do desemprego. Incluirase tamén o persoal ofertado a maiores sobre o mínimo esixido

**44(141).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE DAS OBRAS DE RENOVACIÓN E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DE VIGO. EXPTE. 10304/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 6.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 4.02.09, conformado pola concelleira de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 10304-332 para a contratación das obras do proxecto de renovación e conservación das instalacións eléctricas dos centros educativos públicos de Vigo .

2º Aproba-los proxectos seguintes:

- Alumeado de emerxencia e revisións OCA nos colexios Públicos redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Carmelo Manuel Morales Pérez e o Aparellador D. Miguel Angel Carrera Mouriño.
- Adecuación e saneamento dos cadros, cableados e consumidores dos centros públicos de educación redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Carmelo Manuel Morales Pérez e o Aparellador D. Miguel Angel Carrera Mouriño.

3º.- Aproba-lo gasto que deseguido se relaciona con imputación a seguinte partida 4220.633.00.10 do presuposto do ano 2009:

Lote	Obra	Importe s/ive	Ive	Importe c/ive
1	Alumeado de emerxencia e revisiones OCA	125.356,98	20.057,12	145.414,10
2	Adecuación e saneamento dos cadros, cableado e consumidores dos centros públicos de educación.	194.825,89	31.172,14	225.998,03

4º Aproba-lo expediente de contratación das obras do proxecto de renovación e conservación das instalacións eléctricas dos centros educativos públicos de Vigo que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras por procedemento negociado con publicidade de data 02/02/2009.

5º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Perfil do contratista do concello de Vigo.

**45(142).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.